

Campamentos Semana Santa 2026

CAMPAMENTO CONCILIA

TEMÁTICA – "AVENTURAS NA NATUREZA"

A temática central deste campamento xira arredor da natureza, a reciclaxe e o compromiso ambiental, integrando de maneira transversal valores coma o respecto pola contorna, a cooperación, a corresponsabilidade e a sustentabilidade.

As actividades que se levarán a cabo combinan experimentación científica, obradoiros creativos, gymkanas cooperativas e xogos dinámicos que permiten aprender facendo, fomentando unha aprendizaxe significativa e vivencial.

Normas xerais de aplicación a esta convocatoria

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición a través de correo electrónico (educacion@arteixo.org) do **9 ao 13 de marzo de 2026. Deberán poñer no asunto campamento Semana Santa 2026.**
- Deberán adxuntar o formulario de inscrición.
- A formalización da matrícula (solicitud de recibo ao Departamento de educación e pago do mesmo) será do **16 ao 18 de marzo**

Destinatarios/as

- Rapazada de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil e de 1º a 6º de Educación Primaria empadroadas en Arteixo.
Persoas non empadroadas: confirmarase dispoñibilidade de praza.
No caso de superar o número de prazas ofertadas (50) procederase ao sorteo que se celebrará nas instalacións do Departamento de Educación o día **16 de marzo ás 09:00 horas.**

Lugar de execución

CENTRO SOCIAL DE VILARRODIS

Datas de execución

30 e 31 de marzo e 1 e 6 de abril de 2026

Horario e servizos ofertados

Campamento de 10:00 a 14:00h.

- Madrugadores: a partir das 7:15h
- Xantar: 14:00h - 16:00h
- Ludoteca: 16:00h - 17:30h
- Transporte

Custo do campamento e servizos

Campamento de 10:00 a 14:00 h: 16 €

Madrugadores sen almorzo: 6 €

Madrugadores con almorzo: 10 €

Xantar: 16 €

Ludoteca: 6 €

Transporte gratuíto

O campamento e servizos non se poderá solicitar por días soltos.

LABORATORIO MUSICAL

TEMÁTICA - LABORATORIO MUSICAL – "O POBO DURMIDO"

Dende unha perspectiva lúdica e participativa, a actividade xirará en torno á importancia da música nos diferentes ámbitos da vida e como inflúe na forma de abordar distintas situacións cotiás.

As/os participantes, participarán en tres propostas de obradoiros diferentes en cada xornada. Os tres obradoiros serán parte dun eixe común, e os traballos desenvolto en cada un estarán coordinados para conseguir un produto conxunto.

O obxectivo final da actividade, será a creación dunha mostra do traballo desenvolto e por tanto, do produto conxunto anteriormente mencionado.

Traballarase a aplicación das novas tecnoloxías na música, desenvolverase a expresión artística mediante a creación do atrezzo así como a expresión corporal e musical.

Normas xerais de aplicación a esta convocatoria

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición a través de correo electrónico (educacion@arteixo.org) do **9 ao 13 de marzo de 2026. Deberán poñer no asunto campamento Semana Santa 2026.**
- Deberán adxuntar o formulario de inscrición.
- A formalización da matrícula (solicitud de recibo ao Departamento de educación e pago do mesmo) será do **16 ao 18 de marzo**

Destinatarios/as

- Nenos e nenas de 4 a 12 anos empadroados.

- Non empadroados/as: confirmarase dispoñibilidade de praza.
- No caso de superar o número de prazas ofertadas (30) procederase ao sorteo que se celebrará nas instalacións do Departamentode Educación o día **16 de marzo ás 09:00 horas**.

Lugar de execución

CENTRO CÍVICO CULTURAL MANUEL MURGUÍA

Datas de execución

30 e 31 de marzo e 1 e 6 de abril de 2026.

Horario

Laboratorio: 10:00 - 14:00h.

Custo do laboratorio

16 €

O laboratorio non se poderá solicitar por días soltos.